

**ACTA DO PLENO ORDINARIO DA CORPORACIÓN, DO 30 DE XULLO DE
2018**

Na Casa do Concello de Silleda, ás dez horas do día **trinta (30) de Xullo do ano dous mil dezaoto (2018)**, que corresponde co 26 de Xullo, aprazada, réunese o Pleno da Corporación, en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

PRESIDENTE:D. Manuel Cuíña Fernández, (PsdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

D. Kaus Brey Montana
D^a. Ana Luísa González Costa, (PsdeG-PSOE)
D. Jesús Taboada Lázara, (PsdeG-PSOE)
D^a. M^a del Pilar Peón Iglesias, (PSdeG-PSOE)
D. Manuel Iglesias, (PSdeG-PSOE)
D. Benito Saavedra Vazquez
D. José Luís Espiño Espantoso, (PP)
D. Ignacio Maríl Pardo, (PP)
D^a. M^a del Carmen Folla González (PP)
D^a. Natalia Iglesias Mendez
D. Matías Rodríguez da Torre, (BNG)

Non asiste: D. José Antonio Ramos Dobarro (PP).

INTERVENTOR:

SECRETARIO XERAL: Manuel Quintáns Queiruga, Secretario do concello, que da fe do acto.

Administración Electrónica **nº 1646/2018**.

ORDE DO DIA

INCISO: por unanimidade da Corporación se inclúe unha moción sobre a Mina de Touro que se debate previamente.

MOCION DA ALCALDIA EN CONTRA DA REAPERTURA DA MINA DE COBRE SAN RAFAEL S.L, Nº 2946, RECIBIDO DA PLATAFORMA VECIÑAL MINA DE TOURO-O PINO NON.

Toma a palabra o Presidente da **PLATAFORMA VECIÑAL MINA DE TOURO-O PINO NON** que expón as razóns que xustifican a oposición a esta reapertura por motivos medio-ambientais que afecta a toda a comarca, a parte da conca do río a Ulla, e a súa desembocadura na ría de Arousa, apuntando que ata agora 35 concellos galegos manifestaron a súa oposición.

Os voceiros do PSOE, PP e BNG amosan o seu decidido apoio a mesma, sendo aprobada por unanimidade.

B .-Parte dispositiva.

- 1. Actas sesión/s anterior/es (31 de Maio).**
Queda aprobada.

2. APROBACION DA CONTA XERAL DO EXERCIZO DE 2017.

PROPOSTA AO PLENO: CONTA XERAL EXERCICIO 2017

Unha vez analizada e visto o seu contido e de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei regula as Facendas Locais, esta Alcaldía someteu a Conta Xeral a Dictame o 23 de abril de 2018, e a mesma foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas.

Finalizado o período de exposición pública non se presentaron alegacións.

Por unanimidade, se acorda:

- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2017, así como os Estados e Contas anuais anexos.

3. RECOÑECIMENTO DA EXISTENCIA DUN TRAMO DE CAMIÑO PUBLICO, COÑECIDO COMO “CAMIÑO DO TOXALÓN” EN GRABA-SILLEDA (138 mt. lineais, 3 de ancho, 414 m2 de superficie). Solicitante: Maximino Louzao Vixide, DNI nº 76.797.422.X.

VISTA a solicitude de Maximino Louzao Vixide, DNI nº 76.797.422.X sobre RECOÑECIMIENTO DA EXISTENCIA DUN TRAMO DE CAMIÑO PUBLICO, COÑECIDO COMO “CAMIÑO DO TOXALÓN” EN GRABA-SILLEDA (De 138 mt. lineais, 3 de ancho, 414 m2 de superficie), acompañando de Informe Técnico suscrito por Ramón Moreira Garcia, Enxeñeiro Técnico Agrícola, no que describe a existencia, características físicas e elementos físicos que acreditan ese destino físico, xunto con cartografía,

VISTO o Informe Técnico favorable dos Servizos Urbanísticos Municipais, avalado polo Secretario Xeral,

Se acorda:

- **RECOÑECER A EXISTENCIA DUN TRAMO DE CAMIÑO PUBLICO, COÑECIDO COMO “CAMIÑO DO TOXALÓN” EN GRABA-SILLEDA, cunha lonxitude de 138 mt. lineais, 3 de ancho e 414 m2 de superficie, de acordo coa cartografía e fotografías aportados polo veciño solicitante Maximino Louzao Vixide.**

4. CESION GRATUITA E “A PRECARIO” DUNHA PARCELA, coñecida coma AGRO DE JANCIN (Parcela 474, Polígono 506), de 14.291 m2 de superficie, a ASOCIACION DE DESENVOLVEMENTO RURAL ODEGA, PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE INNOVACION DENOMINADO “VALORIZACIÓN DE RESIDUOS AGRARIOS NA COMARAC DO DEZA”, ata o 31 de Outubro do 2019.

VISTA a solicitude dA ASOCIACION DE DESENVOLVEMENTO RURAL ODEGA, PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE INNOVACION DENOMINADO “VALORIZACIÓN DE RESIDUOS AGRARIOS NA COMARAC DO DEZA

Se acorda,

- **EFFECTUAR A CESION GRATUITA E “A PRECARIO” DUNHA PARCELA, coñecida coma AGRO DE JANCIN (Parcela 474, Polígono 506), de 14.291 m2 de superficie, a ASOCIACION DE DESENVOLVEMENTO RURAL ODEGA, PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE INNOVACION DENOMINADO “VALORIZACIÓN DE RESIDUOS AGRARIOS NA COMARAC DO DEZA”, ata o 31 de Outubro do 2019.**

5. RECLAMACION POR DANOS NA REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA EN MONTE PENIDO-SIADOR, o día 06/Xuño/2018, POR RUPTURA DUNHA TUBERIA CAUSADA POR TRABALLOS DE EXTRACCION DE MADEIRA POR PARTE DA EMPRESA FORESTAL FARMER S.L. (CIF B32452468), DA QUE É RESPONSABLE CAMILO BLANCO RODRIGUEZ, DNI 44448945N.

Por unanimidade, **SE ACORDA:**

- AFECTUAR UNHA RECLAMACION POR DANOS NA REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA EN MONTE PENIDO-SIADOR, o día 06/Xuño/2018, POR RUPTURA DUNHA TUBERIA CAUSADA POR TRABALLOS DE EXTRACCION DE MADEIRA POR PARTE DA EMPRESA FORESTAL FARMER S.L. (CIF B32452468), DA QUE É RESPONSABLE CAMILO BLANCO RODRIGUEZ, DNI 44448945N, PREVIA VALORACIÓN DOS MESMOS POLOS SERVIZOS TÉCNICOS.

6. APROBACION EXPEDIENTE DE DEPURACION DE SALDOS CONTABLES.

Dáse conta do Informe de Intervención.

B.-Parte de control dos órganos de goberno.

7. MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS.

7.1. BNG (MOCION SOBRE A MANADA recibido de MATIAS RODRIGUEZ DA TORRE). Constan no Expediente Administración Electrónica nº **1646/2018**.

VOTACION: se aproba por unanimidade.

7.2. BNG (MOCION SOBRE A VESPA VELUTINA recibido de MATIAS RODRIGUEZ DA TORRE). Constan no Expediente Administración Electrónica nº **1646/2018**.

VOTACION: se aproba por unanimidade.

7.3. BNG (MOCION SOBRE A PROHIBICION DE ANIMAIS NOS CIRCOS QUE VISITAN SILLEDA recibido de MATIAS RODRIGUEZ DA TORRE). Constan no Expediente Administración Electrónica nº **1646/2018**.)

VOTACION: se aproba por 8 votos a favor (PSOE e 1 BNG), e 4 abstencións (P.P.).

8. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DAS ALCALDÍA DOS 2 MESES ANTERIORES.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

PP:

- Sobre o PXOM e os requerimientos non atendidos.
- Sobre as acusacións do Alcalde a este grupo, en canto solicitamos información non completa e cuestiona por qué nos denegaron axudas.
- Sobre os continuos cortes de alumado público en Bandeira.
- Sobre estado de papeleras en Lamela sen vaciar.

Respostas:

BNG. Renuncia do concelleiro MATIAS RODRIGUEZ DA TORRE.

MATIAS RODRIGUEZ DA TORRE, sinala que, en lugar de formular preguntas, anuncia oficialmente a súa **RENUNCIA** coma concelleiro electo nas listas do BNG. Se proclama nacionalista e socialista, sostén que defendeu as súas ideas baixo eses principios, sempre co ánimo de non ofender nin molestar a ninguén persoalmente, aínda que a veces, os que somos apaixonados, con leva que poida haber momentos de tensión. A súa decisión, logo de 9 anos nesta Casa, está determinada pola necesidade de rematar unha etapa, e dar paso a novas persoas, xa que sempre contemplou a política coma un servizo que dura un tempo, aínda que seguirá defendendo os seus principios noutros ámbitos coma militante do BNG, xa que a vida continúa e non remata aquí.

ALCALDE: é momento de manter un “bo rolo” comenta, a vista da sorpresa que nos acaba de dar Matias coa súa renuncia inesperada, logo de 9 anos xuntos nesta Sala, na que tivemos altos e baixos, e tamén discrepancias. Eu tamén son apaixonado, pero un no pode esquecer aquel desexo de “*que no me afogara coa corbata...*”, na miña toma de posesión. Algo que me doe. Pero iso non me impide para que, sinceramente, che exprese o meu cariño persoal e tamén os mellores desexos para esta nova etapa na túa vida.

PP: agradece e coincide coa apreciación de Matias sobre o trato persoal, que a súa relación vai máis alá da política, todo un pracer discutir contigo, e nese senso cre que Matias conseguiu facerse un home respectado, e desexa que siga facendo apartacións a vida pública de Silleda, aínda que non sexa concelleiro.

Ana Luísa González: foi un pracer traballar contigo, e cre que Silleda perde a un gran político.

Pili Peón: vou a botar de menos as nosas conversas nos Plenos...

Natalia Iglesias: foi un pracer, se perde un bo político, lástima que non fora mais breve, aínda que agora espera que os Plenos duren menos.

MATIAS RODRIGUEZ DA TORRE: sinala que non é preciso que lle boten tantas flores, pero agradece os comentarios e invita a todos a unha copa de despedida, recibindo un sonoro aplauso da Corporación, posta en pé, como despedida.

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 12-30 horas do 30 de Xullo de 2018, do que, eu, o Secretario, dou fe. Se inclúe un ANEXO como parte integrante desta Acta, coa documentación que se cita en Expediente Administración Electrónica [nº 1646/2018](#).

SECRETARIO.
Manuel Quintans Queiruga.